



Decreto /, do de , polo que se crea a Librería Institucional da Xunta de Galicia.

Constitúen principios básicos da administración achegar os servizos públicos á cidadanía, facilitar o seu uso e melloralos consonte aos recursos dispoñibles, e así o defenden as normas básicas de convivencia desta comunidade autónoma, recollidas na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude da competencia que en materia de cultura lle outorga o Estatuto de autonomía de Galicia nos artigos 4.2 e 27.19 ao Goberno galego, aprobouse a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, que desenvolve a previsión constitucional recollida nos artigos 9.2 e 44.1, da Constitución española, de promover e tutelar o acceso á cultura de todas as persoas.

De conformidade co artigo 11.4º da Lei do libro e da lectura de Galicia a Xunta de Galicia creará unha Librería Institucional do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia, na que se ofrezan todas as publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo autónomo.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades nela dependentes, determinan que a creación da Librería Institucional se realice a través dunha plataforma web.

O Decreto 196/2001, do 26 de xullo, regulou as publicacións da Xunta de Galicia e atribuíulle á daquela Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a actividade de funcionamento como servizo central de publicacións da Xunta de Galicia. Este decreto foi modificado polo Decreto 116/2002, do 1 de febreiro, modificado este último polo Decreto 176/2011, do 1 de setembro, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.

Na actualidade, e consonte os textos legais referidos, enténdese como unha necesidade importante adecuar a xestión das publicacións institucionais aos recursos técnicos xerados, no que atinxe ás actividades de comercio electrónico, editoriais e bibliográficas, de xeito que a cidadanía de Galicia teña á súa disposición, dun xeito doado, o material xerado polos órganos de goberno autonómicos e as súas unidades e entidades dependentes.

Na súa virtude, por proposta do Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día de



DISPOÑO:

Artigo 1. *Creación e adscrición*

1. Créase a Librería Institucional da Xunta de Galicia, dependente do servizo competente en materia de publicacións, que terá por obxecto a distribución e a comercialización, a través dunha plataforma electrónica, do fondo editorial da Xunta de Galicia.

2. Esta Librería está adscrita ao órgano administrativo competente en materia de publicacións da consellería competente en materia de cultura.

Artigo 2. *Natureza*

A Librería Institucional da Xunta de Galicia terá carácter público e desenvolverá a súa actividade a través dunha plataforma web, de xeito que garanta o acceso aos seus contidos e servizos a toda a cidadanía, con independencia da súa localización física.

Artigo 3. *Funcionamento e xestión*

1. A Librería Institucional da Xunta de Galicia estará dispoñible a través do enderezo electrónico <https://libreria.xunta.es>, onde se recollerá a información sobre o seu funcionamento, así como as normas de acceso e uso.

2. A súa xestión corresponde á consellería competente en materia de cultura, que adoptará as medidas necesarias para que responda ás esixencias normativas vixentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste Decreto.

Disposición derradeira primeira. *Prazos, recursos e materias non reguladas neste decreto.*

Respecto dos prazos, recursos e demais materias non reguladas expresamente neste decreto, estarase ao disposto nas normas que resulten de aplicación.

Disposicións derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Autorízase á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo San Caetano. Bloqu
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Jesús Vázquez Abad